



V Premio Internacional
COMPOSTELA
para álbums ilustrados



**CONCELLO DE
SANTIAGO**
Departamento de Educación

kalandraka

R/ Italia 37 - oficina 10
36162 Pontevedra - España
editora@kalandraka.com
www.kalandraka.com
Tfno: +34 986 86 02 76
Fax: +34 986 10 02 80

Concello de Santiago de Compostela
Departamento de Educación
Praza do Obradoiro nº1
Santiago de Compostela
A Coruña - España
dptoeducacion@santiagodecompostela.org
www.santiagodecompostela.org
Tfno: +34 981 554 400
Fax: +34 981 571 511

O Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela, no marco da súa XII Campaña de Animación á Lectura e en colaboración coa editorial Kalandraka, convoca o V Premio Internacional COMPOSTELA para álbums ilustrados coas seguintes bases:



kalandraka

1. Poderán optar ao **V Premio Internacional COMPOSTELA para álbums ilustrados** todas as obras que se poidan incluír na categoría de álbum ilustrado: un libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal maneira que ambos os dous se complementen.
2. As obras poderán ser presentadas en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica e deberán ser orixinais e inéditas. Non se admitirán aquelas que sexan adaptación doutros orixinais ou as obras que fosen premiadas ou mencionadas noutros concursos.
3. Poderán participar unha ou varias persoas, autores/as de texto e ilustración de calquera nacionalidade. Queda excluído o persoal da editorial Kalandraka.
4. Os proxectos poderán presentarse en calquera tamaño, técnica e formato, pero a extensión non deberá superar as 40 páxinas interiores (sen contar gardas nin cubertas).
5. Os/as autores/as que opten ao premio deberán presentar:
 - Cinco copias do texto.
 - Tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha delas.
 - Unha maqueta acabada do proxecto que se presenta.
6. Nas obras non deberá figurar o nome dos/as autores/as senón un lema ou pseudónimo. Os datos persoais dos e das participantes achegaranse nun sobre pechado indicando no exterior o título da obra e o lema ou pseudónimo, e no seu interior, o nome ou nomes completos, enderezo postal, teléfono de contacto e enderezo electrónico. Dentro do sobre tamén se incluírán unha fotocopia do DNI ou pasaporte así como unha breve recensión biográfica.
7. Os traballos serán remitidos ou entregados no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (Rúa do Presidente Salvador Allende núm. 4, 15705 Santiago de Compostela. A Coruña, España). No sobre especificarase «V Premio Internacional COMPOSTELA para álbums ilustrados». Nos sobres que se entreguen a través de axencias de transporte non deben aparecer os nomes dos autores.
8. O prazo de presentación de orixinais ábrese coa publicación destas bases e remata o **2 de marzo de 2012**. O selo postal non debe ser posterior á data do último día de entrega. A decisión do xurado farase pública en torno ao 2 de abril de 2012,

coincidindo co Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, no transcurso da XII Campaña de Animación á Lectura que organiza o Concello de Santiago de Compostela.

9. O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e da ilustración infantil. Actuará de secretario/a unha persoa que designen as entidades organizadoras. O premio poderá declararse deserto e a decisión do xurado será inapelable.

10. Establécese un único premio, dotado de 9.000€, en concepto de adianto polos dereitos de autor. A aprobación do gasto queda condicionada á existencia de crédito na partida económica 32100.48901 dos orzamentos do ano 2012. O premio está suxeito á retención do IRPF do 19%, segundo o disposto no artigo 101.3 da Lei 35/2006 de 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas, ou o 24% no caso de non residentes. O importe do premio non se fará efectivo ata que os/as autores/as premiados/as entreguen a obra rematada para a súa publicación. A obra premiada será publicada en todas as linguas oficiais peninsulares (galego, catalán, éuscaro, castelán e portugués) pola editorial Kalandraka no mes de outubro do ano 2012 e, para tal efecto, asinaranse os respectivos contratos de edición. Así mesmo, para a editorial terán prioridade de publicación aqueles traballos que recibiran mención especial do xurado. Este dereito terá vixencia durante un ano, despois do cal os/as autores/as poderán dispoñer libremente das súas obras.

11. Os/as autores/ras comprométense a entregar a obra rematada antes do 1 de setembro do 2012.

12. Os/as autores/as poderán solicitarlle ao Concello a devolución dos orixinais non seleccionados. Terán que comunicalo por escrito durante o prazo dun mes dende a resolución do xurado, e asumirán os custos de envío. Para tal efecto, deberán incluír no sobre da plica os selos de correos polo importe correspondente para proceder á devolución do traballo á cidade ou país de orixe*. Transcorrido ese tempo as obras non reclamadas serán destruídas.

13. Se nestas bases quedase algunha cuestión sen precisar será establecida polo xurado ou, de non ser así, pola organización do certame. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.

(*) Non se devolverán os traballos que non inclúan os selos cun importe suficiente para o envío.